

ARTIGO 6. RESPONSABILIDADES

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta Ordenanza ou calquera falsidade na información ou documentación facilitada, levará consigo a obriga de reintegrar as cantidades aboadas, así como a imposición dunha multa por valor equivalente ao dobre da subvención que fose aboada ata o momento da constatación de tales circunstancias por parte do Concello.

Para a imposición da multa tramitarase o expediente administrativo que corresponda, dándose audiencia, en todo caso, aos/as interesados/as.

ARTIGO 7. COMPATIBILIDADES

As axudas serán compatibles coas axudas que poidan obterse dos Organismos oficiais do Estado, ou da Comunidade Autónoma.

ARTIGO 9. RÉXIME XURÍDICO

A Normativa que regula a concesión de axudas á natalidade é a propia Ordenanza. Para o non previsto nesta, se terá presente a Normativa administrativa reguladora de réxime local, no seu defecto, de carácter xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Terase dereito a percibir a correspondente axuda por aqueles nacementos ou adopcións que teñan lugar a partir do 1 de xaneiro de 2012.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día un de xaneiro de dous mil doce, e permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR CONCESIÓN LICENZA
PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIOS***ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a creación, regulación e imposición de taxa da expedición da licenza de primeira ocupación, conforme ao disposto no artigo 21 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e a Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Establécese a obriga de solicitar e obter a licenza municipal para a primeira ocupación ou utilización das edificacións, unha vez rematada a súa construción, reforma ou rehabilitación.

3. A licenza de primeira ocupación terá por obxecto a verificación da adecuación das obras á licenza municipal concedida, permisos e condicións particulares establecidas, ao cumprimento de obrigas derivadas da devandita licenza e ao restablecemento e conservación da vía pública.

4. A licenza de primeira ocupación esixirase a todas as obras de nova planta, así como calquera outras unidades edificatorias e locais resultantes de obras de reforma parcial ou xeral, consolidación ou restauración, nas que houbera alteración do uso ao que se destinan ou modificacións na intensidade dos devanditos usos tales como o incremento do número de vivendas nos edificios, transformación en vivendas de locais comerciais ou outros actos similares, mesmo naquelas realizadas cun destino específico, comercial ou industrial, para que a utilización da cal sexa precisa ademais a correspondente licenza de apertura, sen a cal non se poderá iniciar o exercicio da correspondente actividade. A Licenza de primeira ocupación dos edificios residenciais estenderase ás instalacións de calefacción, garaxe e deportivas que formen parte inseparable das obras de nova planta, aínda cando tamén sexa precisa, se é o caso, a licenza de apertura da actividade.

ARTIGO 2º.—CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN DE SERVIZOS

1. As Empresas Subministradoras dos servizos de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros análogos, esixirán para a contratación e prestación dos respectivos servizos a acreditación de obter a licenza de primeira ocupación ou acta de posta en marcha e funcionamento, non podendo formalizar ningún contrato de subministración noutro caso, baixo responsabilidade das devanditas empresas

2 En caso de edificios de uso privado residencial poderá autorizarse a contratación provisional de servizos cando as deficiencias detectadas polos Servizos Municipais e a súa reparación non afecten ás condicións de seguridade, hixiene, e habitabilidade dos edificios. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza de primeira ocupación cando quede acreditado que a subsanación de deficiencias non imputables ao solicitante requira medios técnicos ou económicos desproporcionados respecto do custo total das obras e igualmente queden acreditadas as debidas condicións de seguridade, hixiene, e habitabilidade dos edificios, o que haberá de certificarse por técnico competente.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

1. Está obrigado a solicitar licenza de primeira ocupación o titular da licenza urbanística de obras. Subsidiariamente a devandita solicitude poderá ser realizada polo promotor da edificación, ou adquirente ou usuario da edificación.

2. O feito imponible que orixina o nacemento da obriga tributaria estará constituído:

— A actividade municipal desenvolvida con motivo da utilización das construcións de vivendas e locais, tendentes a verificar se a súa primeira utilización se realiza con suxeición á normativa urbanística de aplicación, e conforme ao proxecto Técnico e aos condicionantes impostos na licenza urbanística concedida no seu día.

— Verificar que non atentan contra a harmonía da paisaxe e reúnen condicións técnicas de seguridade, salubridade, hixiene, saneamento e asegurarse que o construtor repuxo, caso de danalos, os elementos e o equipamento urbanístico afectado.

3. O pagamento da Taxa non prexulga a concesión da licenza. Estarán obrigados ao pagamento da Taxa, as persoas físicas ou xurídicas solicitantes da Licenza. Serán substitutos do contribuínte os executantes das obras, construtores ou contratistas.

ARTIGO 4º.—DOCUMENTACIÓN E TRAMITACIÓN

1. A documentación necesaria para a obtención da licenza de primeira ocupación será, con carácter xeral, a seguinte:

- a) Certificado final de obras, asinado por facultativo competente, e visado
- b) Fotocopia da licenza Municipal de obras,
- c) Copia das restantes autorizacións municipais, tales como autorización definitiva de funcionamento das instalacións do edificio,
- d) Certificado da aceptación municipal dos viais ou obras de urbanización correspondentes,
- e) Copia do modelo oficial de alta no IBI,
- f) Copia do resgardo acreditativo de aboar a taxa pola expedición de licenza de primeira ocupación,
- g) Certificado acreditativo de que o deseño, os materiais empregados e a execución da obra se axustan á lexislación vixente en materia de condicións acústicas en edificación, así como en seguridade, se fose o caso. O devandito certificado deberá ser subscrito, polo menos, polo promotor, o proxectista, o director da obra e o director de execución da obra. Tal certificación axustarase ás prescricións que establece a normativa de desenvolvemento e ao Código Técnico da Edificación.

2. Informada favorablemente a licenza polo Técnico Municipal ou outro órgano competente elevarase a correspondente proposta de resolución ao órgano municipal competente para resolver. En caso de que

os informes fosen desfavorables concederáse unha audiencia de 10 días ao peticionario, con anterioridade á redacción da proposta de resolución do expediente. En caso de desconformidade respecto ao proxecto autorizado pola licenza, será necesario solicitar e obter, se a obra fose convalidable, a legalización das variacións, sen prexuízo das responsabilidades que por iso se puidesen esixir.

ARTIGO 5º.—VIVENDAS DE PROTECCIÓN

Se as obras executadas consistisen na construción de vivendas en réxime de protección, a licenza de primeira ocupación non poderá concederse sen que se acredite a súa cualificación definitiva polo órgano competente de Galicia.

ARTIGO 6º.—RESPONSABILIDADES

1. O outorgamento desta licenza non exclúe a responsabilidade civil, penal ou administrativa na que puidesen incurrir os solicitantes, construtores e técnicos intervinientes no proceso de edificación.

2. Queda prohibido aos titulares do edificio construído ou rehabilitado ou reformado, ou calquera outro dentro do ámbito de aplicación desta ordenanza, a súa ocupación nin utilización por ningún título, sen a previa obtención da licenza de primeira ocupación ou autorización municipal.

3. Será suxeito responsable da obriga de obter licenza de primeira ocupación e, no seu caso, das responsabilidades administrativas derivadas do seu incumprimento, o promotor da edificación, e no seu defecto, o seu empresario.

ARTIGO 7º.—TARIFA OU COTA TRIBUTARIA

A Cota Tributaria ou tarifas é a seguinte:

1. Licenza Primeira Ocupación: Vivendas Unifamiliares: 150,00 €
2. Licenza Primeira Ocupación: Edificios ata 25 Vivendas: 350,00 €
3. Licenza Primeira Ocupación: Edificios de máis de 25 Vivendas: 600,00 €
4. Licenza Primeira Ocupación: Edificación outros usos ata 100 m cadrados: 200,00 €
5. Licenza Primeira Ocupación: Edificación outros usos de 100 a 500 m cadrados: 325,00 €
6. Licenza Primeira Ocupación: Edificación outros usos entre 500 e 1.000 m cadrados: 400,00 €
7. Licenza Primeira Ocupación: Edificación outros usos de máis de 1.000 m cadrados: 575,00 €

ARTIGO 8º.—EXENCIÓNS

Non se concederá exención ou modificación ningunha na exacción da taxa salvo as recollidas nas Leis.

ARTIGO 9º.—DEVENGO

Devengarase a taxa dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade administrativa. Cando a utilización do edificio se realice sen obter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a utilización é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo sancionador e de restauración da legalidade que poida instruírse. As cotas correspondentes á presente Ordenanza serán ingresadas ou ben directamente na Tesourería Municipal ou nas contas abertas que o Concello de Campo Lameiro ten nas oficinas bancarias da localidade.

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. A posta en uso dun edificio carente de licenza de primeira ocupación cando fose preceptivo, constitúe infracción administrativa urbanística que se sancionará cunha multa do 1 ao 5 por 100 do valor da obra realizada, se fose legalizable.

2. Serán causas de denegación da licenza de primeira ocupación toda desviación sobre proxecto aprobado que supoña infracción urbanística, relacionando para os efectos meramente enunciativos os aumentos de superficie construída, aumentos de altura, volume edificable, densidade residencial, cambios de uso manifestamente opostos aos autorizados ou sen a correspondente licenza, así como a obstaculización do labor inspector, todo o anterior sen prexuízo das sancións administrativas a que houbese lugar.

ARTIGO 11º.—DEREITO SUPLETORIO

En todo o non previsto nesta Ordenanza estarase ás Leis e Regulamentos de desenvolvemento que resulten de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme á Lei Reguladora das Facendas locais e Lei de Réxime Local a presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en todo caso a partir do 1 de xaneiro de 2012.

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS,
INSTALACIÓNS E OBRAS.**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello modifica o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

O Imposto rexeráse, neste Concello, polas normas reguladoras do mesmo, contidas nos artigos 100 a 103 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; polas disposicións legais e regulamentarias que a complementan e desenrolan; e pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito imponible do Imposto a realización no termo municipal de Campo Lameiro, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.—Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao imposto todas aquelas nas que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior; en particular as seguintes:

- a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten a estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.